

**DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 3 de maio do 2021,
adoptou entre outros o seguinte acordo:

**"BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CATRO AUXILIARES DE
POLICIA LOCAL**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA prestar aprobación ás bases
da convocatoria para a selección de catro auxiliares de Policía Local co seguinte
detalle:

I.- NORMAS XERAIS

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto no RD
Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto
Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de
Galicia, na lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, Decreto
243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril,
de coordinación de policía locais e a Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se
determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso,
promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais..., na Lei 30/84, de
2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 7/85, do 2 de abril,
Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de
Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e
programa mínimos e R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de
Galicia pola que se aproba o regulamento de selección de persoal e ,
supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o
regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do
Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

II.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.- É obxecto da presente convocatoria a contratación en réxime de persoal laboral
temporal de catro Auxiliares de Policía Local durante seis meses, mediante
contrato por obra e servizo, a xornada completa, co obxecto de atender as
necesidades do Concello de Monforte de Lemos.

Os seleccionados prestaran servizo, seis meses, a contar dende a data que se
determine por resolución da alcaldía, con obxecto de complementar a plantilla
municipal.

O proceso desenvólvese baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes
e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do



Concello de Monforte de Lemos, Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo).

2.- O contrato terá efectos dende a data que fixe o Alcalde-Presidente na resolución que autorice a contratación.

3.- As retribucións que se abonarán con cargo as partida 132 13100 e 132 16000 e serán as mesmas que as establecidas para o persoal laboral do Concello na mesma categoría e xornada laboral.

Os cálculos dos custos salariais, mensuais de cada traballador, de dita contratación para o ano 2021 son:

POLITICA DE GASTO	IMPORTE	CONCEPTO
132 13100	1.904,14 € SOLDO INCLUÍDA PPE	SOLDO INCLUÍDA PPE
132 16000	628,94 €	SS EMPRESA

III.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1.- Para tomar parte na oposición será necesario:

a) ser español .

b) ter máis de 18 anos.

c) posuír a titulación que lles sexa esixible para o acceso á función pública aos funcionarios do grupo C2. (ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA, GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE)

d) non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial

e) non padecer enfermidade nin eiva física ou psíquica que impida o normal desenrolo das funcións propias do cargo.

g) ter unha estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres

h) non estar incurso en causa de incapacidade nin inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas.

i) ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 (ABANCA) a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de



15'73 € prevista na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes.

IV.- INSTANCIAS.

1. As instancias solicitando tomar parte na oposición, se dirixirán a Alcaldía do Concello e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As instancias tamén poderán presentarse na forma prevista no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello o aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da ou ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

2. A solicitude acompañarase inescusablemente da fotocopia do documento nacional de identidade, e xustificante de pago da taxa esixida nestas bases. E no caso de que o/a aspirante teña realizado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública para traballar como auxiliar deberá aportar copia compulsada do mesmo.

V.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.- Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios e na web do Concello a lista provisional de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte o da publicación, para subsanar os posibles defectos ou omisións na documentación presentada. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

2.- Igualmente se publicarán no taboleiro de anuncios e na Páxina Web do Concello as datas, lugar, resultados das probas que se realicen así como tódolos anuncios derivados da presente convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto co teléfono 982 416537/982402501.

VI.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

CSV: 07E500071C6300C0W507E9L6K6



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E500071C6300C0W507E9L6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO - Secretario - 05/05/2021
JOSE TOME ROCA - Alcalde - Presidente - 05/05/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/05/2021 10:50:40

DOCUMENTO: 20210466019
Fecha: 05/05/2021
Hora: 10:50



O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a tres vogais así como os respectivos suplentes. Será nomeado mediante resolución da Alcaldía. Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei. Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases. En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

CSV: 07E500071C6300C0W507E9L6K6



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E500071C6300C0W507E9L6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO - Secretario - 05/05/2021
JOSE TOME ROCA - Alcalde - Presidente - 05/05/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/05/2021 10:50:40

DOCUMENTO: 20210466019
Fecha: 05/05/2021
Hora: 10:50



Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

VII.- PROBAS.

1.- A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de oposición libre e constará das seguintes probas:

Previa a realización dos exercicios procederase a práctica da talla.

1) Primeiro (de carácter obrigatorio e eliminatorio): A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo III. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización. A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A-F/3)/5$.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

2) Segundo. Coñecemento da lingua galega. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala. Esta proba poderá substituírse pola acreditación do coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título do CELGA 3 (terá a mesma validez posuír a certificación de aptitude do curso de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 de INICIACIÓN).

O resultado desta proba cualificarase como apto ou non apto.

3) Terceiro (de carácter obrigatorio e eliminatorio): Consistirá en realizar as probas físicas que se especifican no anexo II e será cualificado de apto ou non apto.

2.- Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos nos seus dereitos os opositores que non comparezan a realizalo a hora fixada, salvo os casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal, para os que poderá realizarse unha convocatoria extraordinaria.

3.- A publicación dos sucesivos anuncios de celebración do segundo e restantes exercicios efectuarase polo tribunal no taboleiro de anuncios do Concello.



A convocatoria as diversas probas pode non respectar os prazos mínimos de 48 horas entre proba e proba, incluso realizarse varias no mesmo día, en todo caso, a data e hora de celebración s publicaranse na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello coa maior antelación posible.

VIII.- CRITERIO DE DESEMPATE

Toda vez que nos corpos de Policía Local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate en las puntuacións de dos ou más aspirantes acudirase, por orde, ós seguintes criterios ata que se resolva:

- a) Criterio de desempate recollido no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, conforme o cal el empate resolverase a favor da muller.
- b) Menor tempo alcanzado na proba de resistencia xeneral, carreira de 1.000 metros lisos.
- c) Maior resultado na proba de Potencia tren inferior: salto vertical. d) En último lugar, o empate se dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

IX.- LISTA DE APROBADOS.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, e o Tribunal cualificador formulara proposta de contratación a Alcaldía dos que, tendo en conta o número de postos, obtivesen as notas máis altas.

X.- CURSO DE FORMACIÓN.

Os/as aspirantes que superasen a fase de oposición, e sexan propostos para a súa contratación polo Tribunal deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública ó efecto

Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, se realizaron o curso antes do 23 de novembro do 2017, data de entrada en vigor da modificación do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais. Se realizaron o curso con posterioridade a dita data estarán exentos sen limite temporal algún.

XI.- CREACIÓN DE LISTA DE RESERVA

Os aspirantes non propostos para a súa contratación que superaran a totalidade das probas da fase de oposición pasaran a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante ó 2021.

XII.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN

Concluído o curso de formación ou acreditada a inesixencia de relizalo novamente, os candidatos propostos para a súa contratación deberán incorporarse ao posto de traballo seguindo as indicación do Concello, non tendo dereito a retribución



algunha ata a efectiva contratación e incorporación ao posto de traballo. A elección do período de contrato será realizado conforme se indica estas bases.

Deberán presentar nas oficinas do Concello os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- a) fotocopia compulsada do D.N.I.
- b) fotocopia compulsada do título.
- c) declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública, ni estar inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e de no ter sido condenado por delito doloso.
- e) certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que lle impida o normal desenrolo das funcións propias do posto.
- f) acreditación de ter superado o curso de formación.

Quen dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, no presentase a documentación, o do exame da mesma se deducir que carece de algún dos requisitos sinalados nas bases, non poderá ser contratado e quedarán anuladas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade.

XIII.- PERÍODO DE PROBA

Una vez iniciados os traballos, fíxase un período de proba de quince días para o traballador.

XIV-INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase ó que decida o Tribunal por maioría de votos.

XV.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS E XURIDICOS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común e Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

ANEXO I

Modelo de instancia

Alcaldía do Concello de -----

CSV: 07E500071C6300C0W507E9L6K6



Don/dona _____ maior de idade,
con D.N.I. nº. _____ .domiciliado en
_____ numero. De
_____ . CP
E teléfono de contacto: _____ ; email: _____ .

EXPOÑO:

Que tendo sido convocadas probas selectivas para a provisión polo procedemento de oposición libre, de postos de auxiliar de Policía Local de -----

Manifiesta: Que reúne todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e:

SOLICITA: Que se teña por presentada a presente instancia dentro do prazo conferido ao efecto e, en consecuencia, sexa admitido para tomar parte na oposición.

_____, a _____ de _____ de 2021

Sinatura.

Axúntase a documentación acreditativa solicitada nas bases.

ANEXO II: Probas físicas

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/das aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

CSV: 07E500071C6300C0W507E9L6K6



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E500071C6300C0W507E9L6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO - Secretario - 05/05/2021
JOSE TOME ROCA - Alcalde - Presidente - 05/05/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/05/2021 10:50:40

DOCUMENTO: 20210466019
Fecha: 05/05/2021
Hora: 10:50



II.1. Potencia tren inferior: salto vertical. Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

ANOS

Idade	18-36	37-48	49-ou máis
HOMES	41 cm	33 cm	29 cm
MULLERES	32 cm	28 cm	25 cm

II.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 ANOS	37-45 ANOS	46 OU MÁIS
HOMES	4'30''	5'00''	5'15''
MULLERES	5'00''	5'30''	5'45''

ANEXO III: Proba de coñecementos. Temario.



1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.”

E para que así conste e coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Na data da sinatura dixital



FIRMANTE - FECHA





FIRMANTE - FECHA
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 05/05/2021 JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 05/05/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/05/2021 10:50:40

DOCUMENTO: 20210466019
Fecha: 05/05/2021
Hora: 10:50





CSV: 07E500071C6300C0W507E9L6K6



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E500071C6300C0W507E9L6K6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 05/05/2021
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 05/05/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/05/2021 10:50:40

DOCUMENTO: 20210466019

Fecha: 05/05/2021

Hora: 10:50

